

PROXECTO LINGÜÍSTICO



CEIP PLURILINGÜE A
GÁNDARA

2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	4
3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	5
4. OBXECTIVOS.....	7
5. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.....	9
6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.....	13
6.1 LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN.....	13
6.2 LIÑAS XERIAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	14
6.3 LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO INGLÉS.....	16
6.4 MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA O ALUMNADO CON DESCOÑECEMENTO DALGUNHA LINGUA OFICIAL.....	16
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	17

1. INTRODUCCIÓN

A linguaxe, dentro da educación, xoga un papel esencial. A través dela o noso alumnado comunícase cos demais, socializa e, por suposto, aprende. É por elo que dende a escola debemos establecer un plan para a mellora na comunicación lingüística dos nenos e das nenas. Todo o claustro, mais tamén persoal non docente do centro, debe estar implicado e comprometido coas actuacións que ao longo deste documento se irán expoñendo e que teñen como fin último conseguir que, unha vez rematada a etapa da Educación Primaria, o noso alumnado sexa quen de expresarse de maneira fluída, tanto na escrita como oralmente.

Non esquecemos, por suposto, as particularidades de Galicia. Vivimos nunha Comunidade onde conviven, ou deberían convivir en igualdade, dúas linguas oficiais: galego e castelán. Mais non podemos enganarnos a nós mesmos. O castelán predomina entre o noso alumnado. O noso obxectivo fundamental debe ser acadar unha igualdade real. Temos o deber e a responsabilidade como docentes, mais tamén como sociedade, de coidar a lingua propia de Galicia, de conseguir que o galego se fale máis entre os nosos pequenos e pequenas; de valorar a importancia da nosa lingua e de saber ver a riqueza que supón poder comunicarnos en dous idiomas por igual. Esta, por tanto, debe ser unha prioridade: conseguir que ao final da etapa da Primaria, os nosos cativos e cativas sexan capaces de expresarse por igual en ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia.

Sabemos tamén que vivimos nun mundo globalizado onde dominar varias linguas nos pode servir de axuda no noso futuro, por iso apostamos polo plurilingüismo. Cremos nunha ensinanza onde linguas estranxeiras como o inglés xoguen tamén un papel moi importante. Os nosos discentes deben coñecer este idioma e acadar, unha vez rematados os estudos neste centro, unhas habilidades lingüísticas básicas nesta lingua.

E deber, por tanto, de cada centro elaborar un Proxecto Lingüístico realista e eficaz que garanta a consecución das metas mencionadas.

2. MARCO LEGAL

Para a elaboración deste Proxecto Lingüístico tivemos como referencia a normativa citada a continuación:

- Constitución española de 1978

Artigo 3: As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades autónomas...

Artigo 20: ...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

- Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981

Artigo 5: A lingua propia de Galicia é o galego.

Artigo 31: Competencia plena da Comunidade Autónoma na administración do ensino en toda a súa extensión.

- LOMLOE, Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE de 2006. Recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as linguas sexan un medio para a construción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico. As accións e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa nos últimos anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación en educación lingüística dos distintos países membros da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüisticamente diversa.

- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria. Recrea un marco para desenvolver o Currículo nesta etapa onde estipula, entre outros aspectos, os seguintes obxectivos:

e) Coñecer e utilizar de maneira apoiada a lingua castelá e, de habela, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, canto menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil. Recrea un marco para desenvolver o Currículo nesta etapa onde estipula, entre outros aspectos, como traballar a competencia lingüística:

Competencia en comunicación lingüística. En Educación Infantil poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outros nenos e nenas e coas persoas adultas...a oralidade ten un papel destacado nesta etapa non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, se non porque é o vehículo principal que permite a nenos e nenas gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria...

Competencia plurilingüe. Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, fomentando en nenos e nenas as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos principios pedagóxicos (artigo 16) considérase que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Nos principios pedagóxicos (artigo 15) 3. Di que os centros docentes fomentarán o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité. A consellería con competencias en materia de educación fomentará a aplicación por parte dos centros

docentes do disposto neste número considérase que os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo da ensinanza non universitaria de Galicia. Recrea un marco normativo que regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo co obxectivo de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e de conseguir a adquisición dun coñecemento efectivo nas linguas estranxeiras. Asemade, estipula o deber de cada centro de elaborar un proxecto lingüístico propio. Tamén se fai referencia á constitución dun equipo de dinamización da lingua galega.

-Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo.

3. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O Ceip Plurilingüe A Gándara atópase situado en Monforte de Lemos, unha vila duns 19.000 habitantes. Na capital das Terras de Lemos predomina o sector terciario cun nivel socioeconómico medio/baixo. A oferta cultural promovida polo Concello fomenta o galego e as tradicións propias na nosa Comunidade e da nosa comarca: obras teatrais, concertos, e celebracións como o Entroido ou os Maios. Cabe destacar que no centro urbano a lingua predominante é o castelán, mentres que nas parroquias o galego goza dunha maior relevancia e uso. Dende hai uns anos, na comarca hai un número significativo de poboación estranxeira, feito que se ve reflectido na nosa escola, o que en ocasións conleva un descoñecemento do galego e, en menor medida, do castelán e do galego.

Dende o noso centro empregamos o galego para as notificacións coas familias, comunicacións administrativas, coas entidades asociativas, rotulación, carteis, etc. Facemos unha clara aposta polo galego, para normalizalo e potenciar o seu uso. Contamos cun equipo de normalización lingüística que promove actividades para o fomento da nosa lingua.

3.1 CONCRECIÓN ANUAL DO ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

No presente curso (24-25) o Ceip Plurilingüe a Gándara conta cun total de 247 alumnos/as. A maioría deles utiliza o castelán como lingua habitual, polo que manifestan un uso máis deficiente da lingua galega.

Neste curso escolar contamos cun total de 29 docentes, do cales o 67% utiliza o galego como lingua predominante. Destacar ademais que o 25% deles e delas conta cun nivel B2 ou superior en linguas estranxeiras (inglés, francés e portugués). Nos últimos cursos, o Ceip Plurilingüe A Gándara conta coa presenza dun/ha auxiliar de conversa de inglés.

4. OBXECTIVOS

Seguindo as liñas da normativa en materia de plurilingüismo, así como as directrices que nos marca o Proxecto Educativo do noso centro, este documento está encamiñado a acadar os seguintes **obxectivos xerais**:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Promover a dinamización da lingua galega.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades lingüísticas, culturais, físicas e sociais de Galicia.

- Adquirir un coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).
- Mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.
- Favorecer a participación da comunidade educativa na vida escolar.

Como obxectivos específicos dirixidos ao noso **alumnado**:

- Contribuír ao progreso do alumnado nas catro destrezas básicas e instrumentais que compoñen as linguas: escoitar, ler, falar e escribir.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso do galego como lingua propia e por en valor a cultura galega.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Como obxectivos específicos dirixidos ao **profesorado**:

- Valorar a lingua galega como lingua propia de Galicia, falala e fomentar o seu uso.
- Acadar plena competencia para desenvolver o labor docente no ámbito das linguas e adquirir os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Concienciar na importancia de que o alumnado adquira unha competencia equitativa entre as linguas oficiais.

Como obxectivos específicos de cara as **familias**:

- Interactuar co centro tanto na busca de datos como na realización de diversas actividades.
- Realización de actividades coa colaboración da ANPA.
- Conseguir unha receptividade ante actividades normalizadoras e dinamizadoras da lingua: motivación para transmitir aos fillos e fillas a lingua galega.

5. DISTRIBUCIÓN

LINGÜÍSTICA

CURRICULAR

Educación Infantil

A lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Co fin de levar a cabo tal resolución, teranse en conta os seguintes parámetros:

- a). Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
- b). Realidade sociolingüística do contorno.
- c). Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas

Nesta etapa o noso alumnado recibirá un achegamento á lingua inglesa con mestres especialistas en dita materia unha sesión á semana.

Educación Primaria

Tal e como contempla a normativa, na etapa da Educación Primaria, e buscando a garantía na adquisición equitativa de ámbalas dúas linguas oficiais, as materias das linguas impartiranse no idioma de referencia; as asignaturas das ciencias serán dadas en lingua galega e as matemáticas en lingua castelá.

O resto das materias decidiranse de maneira consensuada entre o centro e o profesorado que imparte a asignatura en cuestión, sempre garantindo un equilibrio na distribución horaria das asignaturas impartidas en galego e castelán.

Dado o carácter plurilingüe do noso centro, a materia de plástica impartirase en inglés.

A continuación concretaremos por cursos a distribución horaria no referente ás linguas.

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			2
Matemáticas		5	
Ciencias Naturais	3		
Ciencias Sociais	2		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
TOTAL	11	11	3

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			2
Matemáticas		5	
Ciencias Naturais	2		
Ciencias Sociais	3		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
TOTAL	11	11	3

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			3
Matemáticas		4	
Ciencias Naturais	3		
Ciencias Sociais	2		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
TOTAL	11	10	4

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			3
Matemáticas		4	
Ciencias Naturais	2		
Ciencias Sociais	3		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
TOTAL	11	10	4

5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			3
Matemáticas		4	
Ciencias Naturais	3		
Ciencias Sociais	2		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
TOTAL	11	10	4

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA			
MATERIA / NÚMERO DE HORAS	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua galega e literatura	4		
Lingua castelá e literatura		4	
Lingua Inglesa			3
Matemáticas		4	
Ciencias Naturais	2		
Ciencias Sociais	2		
Educación Física		2	
Música e Danza	1		
Educación Plástica e Visual			1
Relixión católica/Proxecto Competencial	1		
Ed. en Valores Cívicos e Éticos	1		
TOTAL	11	10	4

6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

6.1. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

Para a consecución dos obxectivos propostos no Proxecto Educativo seguiremos as seguintes liñas xerais de actuación:

- Asesorar e orientar ás familias a través das reunións de titorías ou conversas informais sobre a importancia e o beneficio de educar no plurilingüismo, e ofrecerlles pautas de actuación.
- Colaborar coa ANPA na oferta e realización de diversas actividades relacionadas co fomento das linguas.
- Realizar actividades e proxectos dirixidos a toda a comunidade educativa que fomenten a competencia lingüística e plurilingüe.
- Colaborar coa Biblioteca, co equipo de actividades extraescolares e co Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o deseño e posta en práctica de diferentes actividades que contribúan aos obxectivos deste Proxecto Lingüístico.
- Animar os membros de toda a comunidade educativa a usar as distintas linguas co alumnado en actividades non curriculares (recreos, entradas e saídas ao centro, comedor...)
- Utilizar o galego como idioma preferente nas comunicacións do centro coas familias e outras entidades.
- Estratexias para que as actividades lingüísticas contribúan á competencia lingüística do alumnado.
- Usos correctos do profesorado.
- Fomentar o diálogo alumnado/ profesorado.

- Traballo cooperativo co alumnado: lectura, debate, exposición de conclusións.
- Promover a igualdade de dereitos e deberes para as dúas lingua oficiais da nosa comunidade.
- Procurar para a lingua galega, a incorporación das novas tecnoloxías da comunicación que faciliten o seu uso e que a convertan nunha lingua moderna, áxil e funcional. A finalidade de todas estas medidas é a de conseguir unha maior presenza do uso do galego nos diferentes sectores do centro.
- Achegar ao alumnado diversas manifestacións culturais relacionadas coas linguas tales como a literatura popular, a música, obras de teatro, os xogos tradicionais...
- Diseñar actividades nas que se poñan en valor as distintas manifestacións culturais, lingüísticas e sociais que conviven no noso centro.
- Empregar as TIC como vehículo para coñecer outras realidades culturais e lingüísticas, así como para a realización de traballos relacionados coas linguas.

6.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca traballarase para potenciar o uso do galego a través do deseño, posta en práctica e revisión de actividades para a promoción da nosa lingua no centro.

- Concienciación dos colectivos aos que nos diriximos (Claustro, CCP, Equipos de nivel e de traballo, ANPA) para que asuman o plan como un proceso beneficioso e modernizador.
- Facer do galego unha lingua próxima cunha visibilidade permanente nas aulas mediante rótulos, mapas, debuxos, poesías, ...
- Usar a lingua en actos organizados polo centro (reunións de pais, conferencias, ...)
- Fomentar o uso da lectura en galego.
- Fomentar a oralidade a través de xogos e outras actividades informais do alumno.

- Empregar a lingua galega nas conversas coas familia, alumnado e persoal docente.
- Fomentar a oralidade a través de xogos e outras actividades informais do alumno.
- Celebración das distintas conmemoracións, especialmente a Semana das Letras Galegas, e a Semana do Libro, confeccionando murais, carteis, exposicións, etc. e integrando varios tipos de actividades.
- Confección de carteis relacionados coa lingua, para colocar nos corredores e aulas do centro. - Celebración da Semana do Libro.
- Celebración da Semana das Letras Galegas con múltiples actividades.
- Celebración dos Maios.
- Elaboración de materiais axeitados para estas celebracións.
- Uso das Tics.
- Dixitalización de diferentes actividades.
- Presentación de páxinas educativas para practicar diferentes contidos traballados na aula.
- Uso do encerado dixital.
- Colaboración coas entidades culturais e asociativas da contorna do centro escolar.
- Colaboración co Concello.
- Celebración do Día da Árbore
- Actividades coordinadas a través da biblioteca.
- Celebración do Día da Paz.
- Celebración do Samaín.

Todas as actividades realizadas terán como obxectivo xeral acadar e difundir o principio de que o galego é vehículo axeitado para a comunicación en todos os ámbitos da vida. No referente á valoración que se fará do programa de actividades, pensamos que coas actividades mencionadas se acadarán totalmente os obxectivos orientados á dinamización e potenciación do uso da lingua galega

6.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO INGLÉS

Dende vai uns cursos, o noso centro está incluído na **Rede de Centros Plurilingües** de Galicia, o que implica traballar no desenvolvemento da competencia lingüística nas tres linguas (galego, castelán e inglés). Seguindo esta liña, impártese a asignatura de Educación Plástica e Visual en inglés en toda a etapa da Educación Primaria.

Co obxectivo de mellorar a nosa proposta, os últimos cursos solicitamos a participación no **programa de auxiliares de conversa**, contando cun/ha profesional nativo/a no centro durante 16 horas lectivas semanais dende outubro ata maio. A persoa auxiliar colabora co profesorado de lingua inglesa e/ou plástica para favorecer, de maneira especial, a comprensión e oralidade do alumnado na lingua estrainxeira.

Ademais, ao longo do curso organizaranse diversas actividades educativas tales como a asistencia a obras teatrais, concertos ou calquera outra oportunidade que se nos presente que contribúan a unha aprendizaxe significativa da lingua inglesa.

6.4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA O ALUMNADO CON DESCOÑECEMENTO DALGUNHA LINGUA OFICIAL

Como medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais dende o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación propóñense as seguintes medidas para o alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países estranxeiros que teñan nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega e/ou castelá:

- Exención da calificación das probas de lingua galega. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo galego no terceiro ciclo da Educación Primaria procedentes doutras Comunidades Autónomas ou doutro país poderá obter unha exención temporal dun

máximo de dous cursos na calificación da materia de lingua galega. Con todo, o/a alumno/a terá que asistir ás clases como medio de integración lingüística e coa finalidade de adquirir un dominio axeitado do galego.

- Ofrecer material didáctico específico, así como axuda por parte do profesorado para conseguir a integración lingüística.
- Enviar material adicional por medio de distintas canles para afianzar contidos elementais.
- Enfocar e incidir naqueles aspectos máis prácticos da lingua, presentando e recoñecendo as potencialidades da mesma.
- Medidas adoptadas co alumnado estranxeiro: (ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)
- Creación dun grupo de Adquisición de Linguas.
- Grupos de adaptación de competencias curriculares

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Tal e como contempla a normativa, é deber do centro facer un seguimento e avaliación do Proxecto Lingüístico, ademais de actualizalo cada catro anos.

De maneira anual elaborárase unha addenda a este proxecto na que conste os resultados á pregunta ás familias con respecto á lingua materna do alumnado de Educación Infantil, así como as modificacións, de habelas, na distribución horaria das materias impartidas en primaria, e a programación de actividades levadas ao cabo para ese curso académico.

Faremos un seguimento do Proxecto Lingüístico de maneira trimestral para valorar a idoneidade do proxecto e ao final de cada curso redactaremos unha memoria final na que consten:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Análise das actividades realizadas ao longo do ano.
- Valoración das actividades dinamizadoras.
- Grao de implicación dos distintos membros da comunidade educativa.
- Progreso do alumnado na adquisición das competencias lingüísticas.
- Conclusións e propostas de mellora.

Monforte 30 de setembro de 2024